

## ÁMBITO

Localidade	Baiona
Comarca	Vigo
Lugar de realización	Bar Baiña

## ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	6
Nº de non militantes asistentes	3
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

## DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso*

A nivel local	Iago Pereira (Portavoz Municipal).
Representante do Consello Nacional	Xosé M. Marcote

## NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	4 horas.
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Cea informal.

## VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

A boa relación entre os asistentes permitiu que os debates fosen sinceros e intensos, mais evidenciáronse escollos que dificultaron as conclusións consensuadas.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

O debate principal centrouse en abrir espazos de colaboración para o traballo en común no ámbito municipal. O principal escollo é que algúns dos asistentes pediron aos militantes do BNG que asistiron que para abrir eses espazos deben renunciar ás súas siglas.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Os militantes asistentes manifestaron a súa disposición a organizar eses espazos de diálogo, sempre que se respete a lexitimidade da súa escolla política de traballar organizadamente nunha formación nacionalista de ámbito supramunicipal.

Xurdiu a proposta de que para propiciar eses espazos de colaboración o BNG debía realizar asembleas abertas periódicas e mesmo permitir a participación de persoas non militantes nas asembleas e consellos locais (feito que se practica habitualmente na localidade).

Con carácter xeral:

Contraposición entre os que non acreditan no nacionalismo organizado (persoas non militantes) fronte aos que defenden unha unidade de acción de ámbito nacional para a defensa do noso país (militantes). Todas as organizacións políticas son lexítimas, incluído o BNG.

## Radiografía da Galiza de hoxe

Contraposición entre dúas visións. A xente non valora a opción nacionalista porque quere solución ao inmediato. Non se pode seguir agardando a que unha personaxe pública se erixa como salvador da patria, sinón que as solucións deben vir da acción e debate colectivo. O BNG cometeu moitos erros no pasado e a marca está queimada.

## Estratexia política do nacionalismo galego

A unidade é fundamental e para iso debe renunciarse ás siglas e debe traballarse no ámbito local. Manifestouse, en contraposición a isto, que as siglas do BNG siguen a ser un referente, que en moitos casos sofre desgaste pola erosión practicada polos máis cercanos. A xente do común é menos crítica e valora positivamente as propostas do BNG.

O feito de que se empreguen caricaturas para os procesos protagonizados polo BNG oculta o bo traballo realizado. Só pode combatirse isto con traballo en común e responsábel.

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

### Participación política e modelo organizativo

O principal debate centróuse no modelo organizativo, con dous polos moi definidos: o proxecto nacional fronte a un modelo de organización municipal onde se poñan en común as propostas de transformación e onde o pensamento nacionalista non sexa excluínte.

Aproximouse unha posíbel alternativa de consenso, non acadada finalmente, mais sí que produxo un interesante debate. O BNG constitúe un proxecto nacionalista que como tal artéllase colectivamente no ámbito nacional, mais a nivel municipal debe camiñarse cara un traballo en común, xa que a loita nacionalista neste ámbito é secundario, entendido o ámbito como a xestión municipal. Que Esquerda Unida coincida ao 100% coas propostas prantexadas polo BNG nos plenos municipais é boa proba disto. Que poda haber un espazo de colaboración de cara a constituir unha alternativa sólida ao Partido Popular non ten que supoñer menoscabo do traballo de concienciación nacional que poda desenrolar a militancia do BNG.

Si esta proposta non produxo consenso foi porque algún dos asistentes establecía como condición indispensábel a desaparición do BNG como tal, negando a súa lexitimidade.

A conclusión foi que deixando capacidade de decisión nas asembleas locais para establecer alianzas electorais estratéxicas sería posíbel construír un espazo municipalista que constituise unha alternativa de cambio real ao bipartidismo. Fica pendente estimar cómo artellar esta proposta para evitar entregar a representatividade nas deputacións.